

**ACTA NÚMERO: 01/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 13 DE XANEIRO DE 2022.**

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 13 de xaneiro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación das actas das reunións dos días 9 de decembro de 2021 (Reunión 46/2021) e 16 de decembro de 2021 (Reunión 47/2021).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa no procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade tramitado para a contratación do "servizo de mantemento dos equipos APS ONE e MASTERCLAVE 09 situados no laboratorio de Fitopatoloxía da Estación Fitopatolóxica do Areeiro". (Expte.- 2021051415).*
3. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de "Cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022 con Faro de Vigo S.A.U.". (Expte.- 2021056594).*
4. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de "Cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022 con Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L.". (Expte.- 2021055857).*
5. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de "Cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022 con Sermos Galicia, S.A.". (Expte.- 2021060592).*
6. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)". (Expte.- 2021041514).*
7. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa destes tributos na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021005329).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra". (Expte.- 2021054284).*
9. *Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)". (Expte.- 2021033984).*



10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)". (Expte.- 2021033984).*
11. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2021033561).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte.- 2021033561).*
13. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño, posta en marcha e xestión da rede SmartPeme de Pontevedra. (Expte.- 2021041034).*
14. *Apertura electrónico dos sobres "C", correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño, posta en marcha e xestión da rede SmartPeme de Pontevedra. (Expte.- 2021041034).*
15. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres B, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2021031854).*
16. *Apertura electrónico dos sobres "C", correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes. (Expte.- 2021031854).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. *Aprobación das actas das reunións dos días 9 de decembro de 2021 (Reunión 46/2021) e 16 de decembro de 2021 (Reunión 47/2021).***

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes os días, 9 de decembro de 2021 (Reunión 46/2021) e 16 de decembro de 2021 (Reunión 47/2021).

**2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa no procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade tramitado para a contratación do "servizo de mantemento dos equipos APS ONE e MASTERCLAVE 09 situados no laboratorio de Fitopatoloxía da Estación Fitopatolóxica do Areiro". (Expte.- 2021051415).***

Por Resolución Presidencial número 2021007768 de data 27 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento



negociado sen publicidade do servizo de mantemento dos equipos APS ONE e MASTERCLAVE 09 situados no laboratorio de Fitopatoloxía da Estación Fitopatolóxica do Areeiro, cun valor máximo estimado global de 11.560,34 € IVE incluído.

Na citada resolución figura unha invitación á empresa, BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (CIF:A28664589), para que presente proposición, no caso de estar interesada, a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

Rematado o prazo para presentar as proposicións e unha vez examinada a documentación, a empresa BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U. (CIF: A28664589) presenta a seguinte oferta:

Prezo total sen IVA	9.554,00 €
IVA (21%)	2.006,34 €
Prezo total con IVA	11.560,34 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa BIOMERIEUX ESPAÑA, S.A.U., para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade tramitado para a contratación do servizo de mantemento dos equipos APS ONE e MASTERCLAVE 09 situados no laboratorio de Fitopatoloxía da Estación Fitopatolóxica do Areeiro.

**3. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de “Cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022 con Faro de Vigo S.A.U.”. (Expte.-2021056594).***

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Faro de Vigo, S.A.U. para a anualidade 2022,.

No citado acordo figura unha invitación á empresa, Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A-36.600.815), para que presente proposición, no caso de estar interesada, a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

Rematado o prazo para presentar as proposicións, unha vez examinada a documentación, a empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A-36.600.815) resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada é a seguinte:


Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A-36.600.815)



1.OFERTA ECONOMICA: Porcentaxe de baixada ofertado sobre os prezos de licitación (tarifas do anexo III): 0,00%.

Aplicando a porcentaxe de baixada ofertado, os prezos unitarios ofertados son os seguintes:

**TARIFAS 2022 EDICION GENERAL** **FARO DE VIGO** **PAPEL**



FORMATOS Y UBICACIÓN	BLANCO Y NEGRO				COLOR			
	Laborables		Domingos		Laborables		Domingos	
	par	impar	par	impar	par	impar	par	impar
<b>GENERAL</b>								
Módulo 1x1	80	95	105	175	120	145	155	188
Media página 5x5	1.840	2.205	2.390	2.870	2.760	3.310	3.590	4.305
Robapáginas 7x4	2.575	3.090	3.350	4.020	3.865	4.635	5.025	6.030
Robapáginas 8x4	2.945	3.535	3.830	4.590	4.515	5.300	5.740	6.890
Página 10x5	3.600	4.320	4.680	5.620	5.400	6.480	7.020	8.425
Doble faldón 2x10	1.760		2.390		2.640		3.430	
Doble media página 5x10	4.045		5.260		6.070		7.890	
Doble página 10x10	7.920		10.300		11.880		15.445	
<b>PORTADA Y CONTRAPORTADA</b>	Laborables		Domingos		Laborables		Domingos	
Módulo Portada	240		310		360		465	
Módulo Contraportada	145		185		215		280	
Página Contraportada	6.480		8.425		9.720		12.640	
<b>OFICIALES Y EXPROPIACIONES</b>	Laborables		Domingos		Laborables		Domingos	
Módulo Oficial	105		135		155		205	
Media página oficial	2.390		3.110		3.590		4.665	
Página Oficial	4.680		6.085		7.020		9.125	
Módulo expropiación	330		430		495		645	
<b>PUBURREPORTAJE Y BRANDED CONTENT</b>	par	impar	par	impar	par	impar	par	impar
Módulo	120	145	155	185	180	215	235	280
Media página	2.760	3.310	3.590	4.305	4.140	4.970	5.385	6.460
Página	5.400	6.480	7.020	8.425	8.100	9.720	10.530	12.630
<b>MONOGRAFICOS, SUPLEMENTOS Y ESPECIALES</b>	Laborables		Domingos		Laborables		Domingos	
Módulo	50		65		70		90	
Media página	1.240		1.655		1.730		2.310	
Página	2.465		3.280		3.465		4.595	
<b>ENCARTES</b>	Laborables		Domingos					
Precio por millar ( mil unidades )	100		126					
<b>FORMATOS ACCIONES ESPECIALES EVENTOS</b>	<b>PRECIO POR DIA</b>							
Logo en cartelería ( fotocall, invitaciones, rollers y soportes similares a consultar... )	5.000							
<b>ESQUELAS ( tamaño en módulos )</b>	<b>EDICION GENERAL</b>							
Dos módulos ( 2x1 )	145							
Cuatro módulos ( 2x2 )	330							
Seis módulos ( 2x3 )	620							
Ocho Módulos ( 2x4 )	960							
Diez módulos ( 2x5 )	1.100							
Quince módulos ( 3x5 )	1.850							
Veinte módulos ( 4x5 )	2.000							
Treinta módulos ( 6x5 )	3.000							
Página completa ( 10x5 )	5.000							
<b>RECGARGOS</b>								
Páginas 2 y 3:	50%							
Página 4 y 5:	40%							
Página 6 y 7:	30%							
Genérico por ubicación:	20%							
Formatos especiales:	50%							
Composición:	10%							



# TARIFAS 2022

# FARO DE VIGO



### RECARGOS

- Por ubicación + 10%
  - Por ubicación 1ª scroll + 20%
  - Por formato video + 30%
  - Por alojamiento + 40%
  - Por segmentación + 50%
  - Por difusión con post en RRSS + 60%
  - Por perfilado (Data) + 70%
  - Por formato Rich Media + 80%
  - Por formato especial ( disruptivo ) + 90%
  - Por formato fijo ( max. Inventario diario ) + 100%
  - Por patrocinio en exclusividad + 100%
- Para cualquier otro formato fuera de los tarifados consultar con Depto. Comercial

FORMATOS DISPLAY POR IMPRESIONES	PORTADA	SECCION	ROTACION
Robapáginas 300x300	17,00 €	14,00 €	13,00 €
Robapáginas doble 300x600	25,00 €	23,00 €	22,00 €
Robapáginas desplegable	30,00 €	28,00 €	27,00 €
Megabanner 990x90	17,00 €	14,00 €	13,00 €
Billboard 990x250	25,00 €	23,00 €	22,00 €
Cinta 990x45	12,00 €	10,00 €	9,00 €
Botón 300x100	10,00 €	9,00 €	8,00 €
Skys Laterales	17,00 €	15,00 €	14,00 €
Video interst	25,00 €	22,00 €	20,00 €
Video PreRoll	45,00 €	42,00 €	40,00 €

FORMATOS DE CONTENIDO FIJOS 1 DIA	PORTADA	SECCION
Publicreportaje	600,00 €	250,00 €
Publicreportaje Seo	800,00 €	350,00 €
Branded Content	1.000,00 €	450,00 €

FORMATOS DISPLAY FIJOS 1 DIA	PORTADA	SECCION
Brand Day Take Over ( Billboard + skys + 300x600 )	5.600,00 €	2.800,00 €
Billboard + skys laterales	3.600,00 €	1.800,00 €
Billboard 990x250	2.600,00 €	1.300,00 €
Skys laterales	1.600,00 €	800,00 €
Megabanner 990x90	1.500,00 €	750,00 €
Robapáginas 300x300	1.500,00 €	750,00 €
Robapáginas 300x600	2.200,00 €	1.100,00 €
Roba desplegable	3.600,00 €	1.800,00 €
Cinta 990x45	1.000,00 €	500,00 €
Botón 300x100	900,00 €	450,00 €

FORMATOS ESPECIALES FIJOS	PORTADA	SECCION
Patrocinio con logo ( precio por acción 1 día )	500 €	250 €
Guía Sectorial ( precio por acción 7 días )	2.000 €	1.000 €
Vertical Tag ( precio por acción 7 días )	3.000 €	1.500 €
Chat Digital ( precio por acción 1 día )	4.000 €	2.000 €
Microsite ( precio por acción 1 mes )	8.000 €	4.000 €
Macro Site ( precio por acción 1 mes )	12.000 €	6.000 €

Do que resulta o seguinte prezo total ofertado:

Prezo total sen IVE	225.206,61 €
IVE	47.293,39 €
Prezo total con IVE	272.500,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Faro de Vigo S.A.U, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022.



**4. Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de “Cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022 con Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L.”. (Expte.- 2021055857).**

Mediante Resolución Presidencial número 2021007214 de data 09/12/2021 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos Servizos publicitarios con TV da Mancomunidade do Salnés, S.L. para a anualidade 2022, .

Na citada resolución figura unha invitación á empresa, TV da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B-36.223.600), para que presente proposición, no caso de estar interesada, a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

Rematado o prazo para presentar as proposicións, unha vez examinada a documentación, a empresa TV da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B-36.223.600) resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada é a seguinte:

TV da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B-36.223.600).

1.OFERTA ECONOMICA: Porcentaxe de baixada ofertado sobre os prezos de licitación (tarifas do anexo IV): 0,00%.

Aplicando a porcentaxe de baixada ofertado, os prezos unitarios ofertados son os seguintes:



## TARIFA XERAL 22

### EMISIÓN PUBLICIDADE TDT

Difusión	Artigo	% Dto.	Prezo
1 a 25	Spot 20 segundos		45,00
26 a 50	Spot 20 segundos	10 %	40,50
51 a 75	Spot 20 segundos	15 %	38,25
76 a 100	Spot 20 segundos	20 %	36,00
101 a 200	Spot 20 segundos	25 %	33,75
> 201	Spot 20 segundos	30 %	31,50
> 301	Spot 20 segundos	35 %	29,25

**Condições xerais:**

- > Desconto por campaña individualizada non acumulable.
- > Emisión 50% en prime-time, 25% en day-time e 25% rotando programación.
- > Prezos máis IVE

Firmado por 35451595Q JOAQUIN BARREIRO (R: B36223600) el día 17/12/2021 con un certificado emitido por AC Representación



Do que resulta o seguinte prezo total ofertado:

Prezo total sen IVA	24.793,39 €
IVA	5.206,61 €
Prezo total con IVA	30.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, TV da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B-36.223.600), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022.

**5. *Dar conta da oferta presentada no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de “Cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022 con Sermos Galicia, S.A.”. (Expte.-2021060592).***

Mediante Resolución Presidencial número 2021007851 de data 29/12/2021 apróbase o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con Sermos Galiza, S.A. para a anualidade 2022.

Na mesma resolución, figura unha invitación á empresa, Sermos Galiza, S.A. (CIF A-70.301.510), para que presente proposición, no caso de estar interesada, a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

Rematado o prazo para presentar as proposicións, unha vez examinada a documentación, a empresa Sermos Galiza, S.A. (CIF A-70.301.510) resulta admitida no procedemento.

A oferta presentada é a seguinte:

Sermos Galiza, S.A. (CIF A-70.301.510)

1.OFERTA ECONOMICA: Porcentaxe de baixada ofertado sobre os prezos de licitación (tarifas do anexo IV): 0,00%.

Aplicando a porcentaxe de baixada ofertado, os prezos unitarios ofertados son os seguintes:



**Tarifas aplicábeis de publicidade para o ano 2022**
**Cliente: Deputación de Pontevedra**

7 de xaneiro de 2022

**TARIFAS PARA O "NÓS DIARIO", O SEMANARIO "SERMOS GALIZA" E O MONOGRÁFICO "DE NÓS"**

Soporte	Tamaño e ubicación	Prezo	IVE (21%)	TOTAL
Nós Diario	<b>1 páxina impar</b> (250 mm. base x 302 mm. de alto)	1.200,00 €	252,00 €	<b>1.452,00 €</b>
Nós Diario	<b>½ páxina impar</b> (250 mm. base x 154 mm. de alto)	640,00 €	134,40 €	<b>774,40 €</b>
Nós Diario	<b>Dupla páxina de publinreportaxe en</b> Combina texto e imaxes no diario	3.200,00 €	672,00 €	<b>3.872,00 €</b>
Semanario "Sermos Galiza" distribuído os sábados co Nós Diario	<b>1 páxina na contraportada</b> (270 mm. base x 330 mm. de alto) Suplemento grampado e guillotinado	2.400,00 €	504,00 €	<b>2.904,00 €</b>
Monográfico "De Nós"	<b>1 páxina no monográfico "De Nós"</b> (210 mm. base x 297 mm. alto) Impreso en offset, con lombo e cosido a fio	2.400,00 €	504,00 €	<b>2.904,00 €</b>

**TARIFAS PARA O DIARIO DIXITAL WWW.NOSDIARIO.GAL**

Soporte	Tamaño e días	Prezo	IVE (21%)	TOTAL
www.nosdiario.gal	<b>Báner tipo botón. Portada + pax. interiores</b> (300 x 300 píxeles) <b>30 días</b>	720,00 €	151,20 €	<b>871,20 €</b>
www.nosdiario.gal	<b>Báner tipo botón. Portada + pax. interiores</b> (300 x 300 píxeles) <b>15 días</b>	420,00 €	88,20 €	<b>508,20 €</b>
www.nosdiario.gal	<b>Báner tipo superior. Portada + interior</b> (728 x 200 píxeles) <b>30 días</b>	1.440,00 €	302,40 €	<b>1.742,40 €</b>
www.nosdiario.gal	<b>Báner tipo botón, portada + interior</b> (728 x 200 píxeles) <b>15 días</b>	840,00 €	176,40 €	<b>1.016,40 €</b>

**VILAMEA PONTE**  
**ROBERTO -**  
**36097180Z**

 Firmado digitalmente por VILAMEA  
 PONTE ROBERTO - 36097180Z  
 Fecha: 2022.01.07 14:37:41 +01'00'

Do que resulta o seguinte prezo total ofertado:

Prezo total sen IVE	33.057,85 €
IVE	6.942,15 €
Prezo total con IVE	40.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Sermos Galiza, S.A. (CIF A-70.301.510), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2022.





**6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)". (Expte.- 2021041514).**

O Secretario informa que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o pq. 0+400 (Concello de Tomiño)", cun orzamento base de licitación de 286.235,07 € IVE incluído.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratos do Sector Público) na data 22/11/2021. Tamén se publicaron na mesma data o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 16/12/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o pq. 0+000 ata o PQ. 0+400".

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguintes empresas:

- HORDESCON
- ESQUEIRO, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.

Na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Con data 21/12/2021 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
HORDESCON, S.L.	-	-	-
ESQUEIRO, S.L.	6,00	1,00	7,00
NAROM, S.L.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	3	23,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00

A Mesa de Contratación na reunión de data 23/12/2021, en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 21/12/2021, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.

Na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, observando que as empresas HORDESCON, S.L. E ESQUEIRO, S.L., non superaron esa puntuación e polo tanto deben de ser excluídas de participar neste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
NAROM, S.L.	218.011,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	206.609,68 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI	215.385,98 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	215.906,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	207.555,91 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	205.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	217.278,44 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Requirida a empresa, ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. para que xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refiría ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxera para executar este contrato, esta atendeu ó requirimento en prazo, emitindo informe o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas, no que recollía que a empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

En virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/01/2022 procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
NAROM, S.L.	24,24	5,00	5,00	5,00	39,24
CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	39,04	5,00	5,00	5,00	54,04
CONSTRUCCIONES FECHI	27,68	5,00	5,00	5,00	42,68



CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	27,00	5,00	5,00	5,00	42,00
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	37,82	5,00	5,00	5,00	52,82
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	25,20	5,00	5,00	5,00	40,20

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas HORDESCON, S.L. e ESQUEIRO, S.L., por non acadar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) dos criterios non avaliados mediante fórmulas contidos nos sobres "A".
2. Propor ó órgano de contratación, excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto presumese que non poden cumprir o contrato.
3. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o PQ. 0+000 ata o PQ. 0+400", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	54,04	78,04
2	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	20,00	52,82	72,82
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	25,00	42,00	67,00
4	CONSTRUCCIONES FECHI	23,00	42,68	65,68
5	NAROM, S.L.	23,00	39,24	62,24
6	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	40,20	60,20

4. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na E.P. 3102 ao CEP. Pedro Caselles dende o PQ. 0+000 ata o PQ. 0+400", á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., de acordo co seguinte detalle:



Importe ofertado .....206.609,68 €  
IVE (21%) .....43.388,03 €  
Importe Total .....249.997,71 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos no citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

5. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 10.330,48 €

**7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa destes tributos na Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021005329).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno de data 3 de setembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, dunha asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra. O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó DOUE con data 14 de setembro de 2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de setembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Con data 08 de outubro de 2021 enviouse ó DOUE anuncio de licitación rectificado tras detectar un erro no Anexo I (Modelo de proposición económica) e no Anexo III (Fórmulas para a valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmulas. Sobre C) do PCA referente aos criterios de adxudicación e a súa valoración e ser aprobada a súa rectificación pola Xunta de Goberno na sesión do 1 de outubro de 2021.

Resultando que un erro técnico na plataforma de licitación electrónica Vortal fixo que á vista das empresas interesadas en concorrer a esta convocatoria, a data de finalización do prazo de presentación de ofertas fora o 05/11 en lugar do 09/11, quedando bloqueada a partir da referida data e non sendo posible a presentación de ofertas por parte das empresas licitadoras desde ese momento, feito polo que mediante Resolución Presidencial 2021006656 de data 9 de novembro de 2021 se avocou puntualmente a competencia delegada pola Presidencia nas Bases de Execución do vixente orzamento provincial para actuar como órgano de contratación no presente procedemento aberto e aprobar a modificación do prazo de presentación de proposicións en 5 días hábiles desde o seguinte á adopción do acordo.

O anuncio de licitación rectificado publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de outubro de 2021.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 18 de novembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e técnica, revisouse a documentación administrativa, acordando a Mesa de Contratación admitir ás seguintes empresas:

- EIBISA NORTE, S.L. (B-15419906)
- LAGARES OCA, S.L. (B-36813715)
- LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B-33473489)



A Mesa de Contratación na reunión do día 18 de novembro de 2021 tamén acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao persoal técnico do ORAL, ao obxecto de que, avaliasen e ponderasen as ofertas recibidas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

D. Alberto Martínez Mougán, Técnico Medio de Xestión Tributaria, co Visto e Prace da Directora de xestión dos Servizos do ORAL, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras con data 10 de decembro de 2021, sendo as puntuacións acadadas polas mesmas as seguintes:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR	EIBISA NORTE, S.L.	LAGARES OCA, S.L.	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.
<b>1. Planing organización do servizo. Ata un máx. de 15 ptos</b>	<b>8</b>	<b>6</b>	<b>12</b>
Plan organización equipo de traballo para posta en marcha (Ata 8 puntos)	6	4	7
Plan organización, control e supervisión persoal asignado (Ata 4 puntos)	1	0	2
Proposta coordinación con responsable do ORAL (Ata 3 puntos)	1	2	3
<b>2. Plan de traballo pormenorizado. Ata un máx. de 15 ptos</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>10</b>
Metodoloxía (Ata 7 puntos)	3	4	4
Descrición detallada planificación traballos (Ata 4 puntos)	2	1	3
Medios materiais e técnicas de control de calidade (Ata 4 ptos)	2	2	3
<b>TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE "B"</b>	<b>15</b>	<b>13</b>	<b>22</b>

A Mesa de Contratación na reunión do día 16 de decembro de 2021 acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas licitadoras do procedemento aberto convocado para a contratación dunha asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa dos mesmos na Deputación de Pontevedra.

Na reunión do día 16 de decembro de 2021, a Mesa de Contratación tamén procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” correspondente aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que concorren neste procedemento aberto e acadaron un mínimo do 50% (15 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (Sobre B), sendo os valores ofertados os seguintes:

#### EIBISA NORTE, S.L. (B-15419906)

##### 1. Prezo unitario ofertado:



Por expediente finalizado por parte do Servizo de Xestión de RRPP e Inspección nos que a empresa adxudicataria colaborase e prestase asistencia cumprindo cos requisitos esixidos nos pregos.	12,00 €
---	---------

2. Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (2 anos): 13 anos.
3. Experiencia ofertada para o persoal administrativo adscrito ao servizo, superior á mínima esixida nos pregos (1 ano): 10 anos.

LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L. (B-33473489)

1. Prezo unitario ofertado:

Por expediente finalizado por parte do Servizo de Xestión de RRPP e Inspección nos que a empresa adxudicataria colaborase e prestase asistencia cumprindo cos requisitos esixidos nos pregos.	12,74 €
---	---------

2. Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (2 anos): 7 anos.
3. Experiencia ofertada para o persoal administrativo adscrito ao servizo, superior á mínima esixida nos pregos (1 ano): 11 anos.

En virtude das condicións establecidas no PCAP, a valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, é a seguinte:

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	EMPRESAS LICITADORAS	
	EIBISA NORTE, S.L.	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.
1. Menor prezo ofertado sen IVE. <i>Ata 50 puntos</i>	49,873	37,368
2. Experiencia do equipo de traballo superior á mínima establecida nos pregos <i>Ata un máximo de 20 puntos</i>	20	20
<b>TOTAL SOBRE "C"</b>	<b>69,873</b>	<b>79,368</b>

A Mesa de Contratación acorda:





1. Propor ó órgano de contratación, excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa, LAGARES OCA, S.L. (B-36813715) por non acadar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (15,00 puntos) dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas contidos nos sobres "B".
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para contratación dunha asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa destes tributos na Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACION SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	EIBISA NORTE, S.L.	15,00	69,873	84,873
2	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS, S.L.	22,00	57,368	79,368

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para contratación dunha asistencia técnica e administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación censual en materia de taxas nos concellos que teñen delegación expresa destes tributos na Deputación de Pontevedra, á empresa EIBISA NORTE, S.L., polo prezo unitario ofertado de 12,00 euros, por expediente finalizado por parte do Servizo de Xestión de RRPP e Inspección nos que a empresa EIBISA NORTE, S.L colaborase e prestase asistencia cumprindo cos requisitos esixidos nos pregos.

**8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para realizar os traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as "Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra". (Expte.- 2021054284).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, de data 18 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para realización dos traballos de elaboración do proxecto de demolición, cálculo da estrutura



definitiva, elaboración dos proxectos de instalacións e de anexos varios para as “Obras de consolidación, restauración e interconexión accesible a través do subsolo dos edificios centrais do Museo Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de decembro de 2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

